



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA VINTE E OITO DE DECEMBRO DE 2022 CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
Vogais:	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
SECRETARIO:	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta minutos do día vinte e oito de decembro de dous mil vinte e dous, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (30/11/2022)

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día trinta de novembro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Instancia núm. 202299900000638 de don Jesús Iglesias Zas. (Expediente núm. 2022/U022/000025)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado solicita licenza para obras de edificación auxiliar para uso agrícola de 49,50 m² en Canicoba, 23 - Ribadulla (San Mamede) (expediente núm.: 2022/U022/000025), en solo cualificado como “Solo rústico de especial protección forestal. R-3”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por José M. Pena Alonso, en calidade de Enxeñeiro Técnico Agrícola de data 14/07/2022 e visado número 20220720 e que cumpre, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 15090A50700729.

Dáse conta tamén do informe emitido polo Servizo de Montes da Consellería do Medio Rural con data do 25/08/2022.

Dáse conta tamén da autorización da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia (Expediente : ETB/bep L-AP53-0113)

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por José M. Pena Alonso de data 14/07/2022 e dando cumprimento, de ser o caso, ás autorizacións e informes sectoriais emitidos.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de douscentos trinta e sete euros con dez céntimos (#237,10#)

2.2.- Instancia núm. 202299900001045 de Unión Fenosa Distribución, S.A- Gas Naturgy-UFD (Expediente núm.: 2022/U022/000033)

Dáse conta da citada instancia na que dona Ana María Salgado López, en representación de UFD Distribución Electricidad, S.A, solicita licenza para obras de subministro eléctrico de 5,75 kw para vivenda unifamiliar, liña subterránea de baixa tensión con inicio en paso aéreo subterráneo e final na CPM do solicitante con unha canalización de 9 metros, SGD 618522030068, en Corbeixe, 2 - Ribadulla (San Mamede) (expediente núm.: 2022/U022/000033), en solo cualificado polo vixente PXOM como Dos núcleos rurais. N-1, e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don Alejandro Fernández Reza, en calidade de enxeñeiro industrial, cun orzamento provisional de 1.584,32 euros.

Dáse conta tamén da autorización outorgada mediante Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data do 15/11/2022 (expdte: 1973/22); da comunicación de Augas de Galicia de cumprimento da declaración responsable presentada por UFD, expediente DH.W15.86310; da resolución da Deputación Provincial de A Coruña, Servizo de Vías o Obras, no expediente: 2022000039429 .

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada de obra e ocupación do dominio público, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada de data 27/06/2022.

3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíbel. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Dáse conta de que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública con rexistro de entrada neste concello número 202199900000122 de data 03/03/2021.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente as obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#)

2.3.- Comunicación de obra de don Manuel Casal Jorge. (Expediente número 2022/U026/000087)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Manuel Casal Jorge para rematar peche no sur da parcela colocando bloque (revestido e pintado) ata unha altura máxima de 1,50 m. e construción de peche de 15 metros de largo no linde oeste e construción de peche interior de 15 mts de largo, os dous con base de bloque, (revestido e pintado) sen superar o 1,50 m. de alto, e postes e arame sen superar o 1,80 m. de altura total, cunha altura que non superará os 1,80 m.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 001501900NH34B, emprazada en Paradela, 32 - Sales (San Xián), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Solo rústico de especial protección agropecuaria. R-2, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.4.- Instancia núm. 202200000001607 de Óscar García Piñeiro. (Expediente 2013/I002/000001)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado da conta de que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 26/09/2013 concedeulle licenza para construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de San Pedro, parroquia de San Pedro de Sarandón, nos termos da documentación técnica asinada por don César García Piñeiro en calidade de Arquitecto. As actuacións pretendíanse en solo cualificado polo vixente PXOM como solo de expansión de núcleo rural (N-2) (Expediente 2013/U008/000013). Con data do 09/10/2013 ingresouse o imposto sobre construcións, instalacións e obras correspondente que ascendeu á cantidade de tres mil douscentos corenta e seis euros con cincuenta céntimos (#3,246,50#).

Con data do 18/10/2016 foille concedida unha prórroga da mencionada licenza. Expediente 2016/U003/000003. As obras autorizadas non se executaron polo que solicita a declaración de caducidade da licenza e a devolución do imposto de construcións, instalacións e obras ingresado, por canto non tivo o lugar o feito imponible.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Declarar a caducidade da licenza de obras descrita así coma a extinción dos seus efectos por non terse iniciado as obras.

A declaración de caducidade extingue a licenza non podéndose iniciar as actuacións se non se solicita e obtén unha nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

Segundo.- Devolver, previos os trámites oportunos, a cantidade ingresada en concepto de ICIO no expediente 2013/U008/000013.

2.5.- -Instancia núm. 202200000001681 de don Manuel Aldrey Fernández. (Expediente prórroga número: 2022/U003/000005)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado expón que a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 16/12/2021 tomou coñecemento da comunicación de obra de construción de muro en Matelo – Sales (San Xián) (Expediente número 2020/U026/000040), e dado que por diversos motivos non puido rematar as actuacións comunicadas, solicita a concesión dunha prórroga.

A Xunta de Goberno Local, á vista do disposto no artigo 363 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, toma coñecemento da prórroga da comunicación achegada no seu momento e por un prazo de 6 meses, para a finalización das actuacións obxecto do expediente.

A prórroga entenderase dende a expiración do prazo inicialmente comunicado.

2.6.- Instancia núm. 202299900000502 de don José Antonio Andújar Calviño e dona M^a. Jesús Cibeira Ares (Expediente núm. 2022/U022/000022)

Dáse conta da citada instancia na que os interesados solicitan licenza para obras de rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar en Xián – Sarandón (San Pedro) (expediente núm.: 2022/U022/000022), en solo cualificado como “Solo rústico de especial protección agropecuaria. R-2”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Eugenio Torreira Pais, en calidade de arquitecto e que cumpre, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste Concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 15090A50600120.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.-. Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por don Eugenio Torreira Pais con número de visado 206878,2 e de data 12/12/2022.

-Previo ao inicio das obras deberá achegar oficio de dirección de Arquitecto-Técnico e Coordinador de Seguridade e Saúde

-En cumprimento do artigo 24 da Lei 2/2016 do solo de Galicia deberá dotar á finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste, e do sistema de



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



eliminación de augas residuais, de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento. Deberán contar coas preceptivas autorizacións de Augas de Galicia.

-A distancia mínima da fosa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3m. debendo gardar a distancia das aliñacións respecto das vías.

-Deberase proceder ao acondicionamento da zona de cesión para vías, que deberá quedar axardinada e coa mesma rasante que a vía. A rampla de acceso tamén deberá quedar enrasada coa vía e deberase colocar por debaixo un tubo de sección mínima 400mm para permitir o paso das augas da cuneta á que haberá que darlle continuidade.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dous mil corenta e dous euros (#2.042,00#)

2.7.- Instancia núm. 202299900000805 de don Bruno Figueira Tubío. (Expediente núm. 2022/U022/000028)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, solicita licenza para obras de construción vivenda unifamiliar de planta baixa en Galegos, 27 - Vilanova (San Pedro) (expediente núm.: 2022/U022/000028), en solo cualificado como “De expansión dos núcleos rurais.N-2”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por Inmaculada Garcés Navarro en calidade de Arquitecta, sendo María del Carmen García Freire a Arquitecta-Técnica e Coordinadora de Seguridade e Saúde, coas seguintes características: Altura: < 7 metros; ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta; núm. Plantas: B. Altura máxima de cornixa menor a 7,00 m. Coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta. O presuposto de execución material ascende a 55.000,00 euros e cumpre, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de este Concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 15090B504009140000TA.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente, do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Inmaculada Garcés Navarro con número de visado 2205126/4 e data 14/09/2022.

-En cumprimento do artigo 24 da Lei 2/2016 do solo de Galicia deberá dotar á finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste, e do sistema de eliminación de augas residuais, de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento.

-Deberase proceder ao acondicionamento da zona de cesión para vías, que deberá quedar axardinada e coa mesma rasante que a vía. A rampla de acceso tamén deberá quedar ao mesmo nivel que a vía e deberase colocar por debaixo un tubo de sección mínima 400mm para permitir o paso das augas da cuneta á que haberá que darlle continuidade.

3º.- Así mesmo, e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de terreos nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número 02: cesión terreos 1: 29,20 m² e cesión terreos 2: 46,50 m²., e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Debendo achegar previo ao inicio das obras escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión. En todo caso a licenza de primeira ocupación estará condicionada ao cumprimento efectivo destes requisitos.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de mil cen euros (#1.100,00#)

2.8.- Instancia núm. 202299900001079 de don Manuel Alborés Cabo. (Expediente núm. 2022/U022/000035)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, solicita licenza para obras de reforma de vivenda unifamiliar tradicional en Pousada de Abaixo, 15 - Vedra (expediente núm.: 2022/U022/000035), en solo cualificado como “Dos Núcleos Rurais. N-1”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Jorge Vales Fernández, en calidade de arquitecto, un presuposto de execución material de 44.327,26 euros, e que cumpre, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste Concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 000804300NH43E.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.-. Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Jorge Vales Fernández de data 24/11/2022.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de oitocentos oitenta e seis euros con cincuenta e cinco céntimos (#886,55#)

2.9.- Instancia núm. 202299900000960 de Construcciones Roberto Vales, S.L. (Expediente número 2022/U007/000009)

Dáse conta da citada instancia na que don Roberto Vales Lobato en representación de Construcciones Roberto Vales, S.L, expón que con data do 12/12/2006 a Xunta de Goberno concedeulle licenza para construción de nove vivendas unifamiliares na rúa Alcalde Francisco Carrillo – Ribadulla (Santa Cruz) (licenza número 110/2006), nos termos da documentación técnica achegada, e que rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva solicita a concesión da licenza de primeira utilización das vivendas número 5 e 6.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe emitido polos servizos técnicos municipais e do disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (artigo 142), no Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, así como na demais lexislación de aplicación, acorda conceder a licenza de primeira ocupación para as vivendas 5 e 6 (Expdte: 2022/U007/000009) e aprobar a liquidación das taxas que constan no expediente.



A licenza outórgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2.10.- Instancia de dona María Jesús Cernadas Mareque. (Expte. número 2022/U018/000009)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada solicita licenza para parcelamento de finca emprazada en Ribeira - Sarandón (San Pedro), en dúas parcelas resultantes, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don José M. Pena Alonso en calidade de Enxeñeiro Técnico Agrícola e de data 20/10/2022.

A parcela atópase en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como De expansión dos núcleos rurais-N-2 e Solo rústico de especial protección agrícola. R-2.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe dos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza para parcelamento da finca descrita no proxecto mencionado, emprazada no lugar de Ribeira - Sarandón (San Pedro) nos termos da documentación técnica sinalada e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesouraría municipal, e que ascenderon á cantidade de cento vinte euros (#120,00#).

Así mesmo, e á vista do disposto nos artigos 24 e 150 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, ACÉPTASE a cesión de terreos nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número 2.4, de 62 m²., e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens. Debendo achegar escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión.

3º.- Comunicacions responsables para funcionamento de furanchos.

3.1.- Instancia de dona María José Carbia Silva. (Expediente núm. 2022/U015/000002).

Dáse conta da declaración responsable, presentada por dona María José Carbia Silva, para renovar o funcionamento do establecemento dedicado a furancho no lugar de Malfurado, 14 – Trobe (San Andrés). Referencia catastral: 15090A50501636.

Vista a documentación que se achega e tendo en conta o disposto no Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Xunta de Goberno toma coñecemento do declarado, nos termos da documentación achegada, debendo comunicar o peche do establecemento ao finalizar o período autorizado, sen que isto supoña baixa da actividade, e a nova apertura na tempada seguinte acompañando a seguinte documentación:

- Renovación do seguro de responsabilidade civil.
- Documentación acreditativa de ter realizado as declaracións obrigatorias do viño.
- Análise do viño da nova tempada e cantidade da que se dispón.

O novo período de apertura será do 31/01/2023 ao 31/04/2023. Así mesmo darase traslado da renovación aos órganos competentes en materia de turismo, medio rural e sanidade.

4º.- Aprobación liquidación das achegas do transporte metropolitano de Galicia.

Dáse conta da comunicación da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, na que de acordo co disposto nas estipulacións terceira e oitava final do convenio de colaboración subscrito para a posta en marcha do Plan de Transporte Metropolitano, remiten a liquidación da achega 2021/2022 do Transporte Metropolitano de Galicia –ATM Santiago de Compostela:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Gasto estimado achegado para o ano 2021	1.793,75
Gasto real ano 2021	1.660,83
Diferenza Gasto real 2021 – estimación 2021	--132,86
Estimación Programa tarifas 2022 (=gasto real 2021* porcentaxe)	
TOTAL ACHEGA 2021-22	2.294,69
Porcentaxe estimado de repercusión sobre o 2021	146,16%

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a citada liquidación.

Segundo.- Proceder ao seu ingreso na conta facilitada ao efecto.

5º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía do mes de novembro:

DECRETO	DATA	ASUNTO
763	03/11/2022	Desestimando recurso de reposición interposto contra orde de execución (09/09/2021) para conexión de vivenda á rede de sumidoiros en Tomonde –Santa Cruz de Ribadulla
764	03/11/2022	Desestimando recurso de reposición interposto contra orde de execución (17/11/2021) para conexión de vivenda á rede de sumidoiros en Tomonde –Santa Cruz de Ribadulla
765	03/11/2022	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de inglés correspondente á mensuralidade de novembro de 2022
766	03/11/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
767	04/11/2022	Expediente de modificación de créditos 17/22(xeración)
768	04/11/2022	Expediente de modificación de créditos 16/22(xeración)
769	04/11/2022	Delegación funcións Alcaldía do 15/19 de novembro no 2º Tenente de Alcalde, Enrique Vázquez Martínez, por viaxe do titular a Italia (Programa Europeo)
770	04/11/2022	Delegación funcións Alcaldía do 02/09 de decembro no 1º Tenente de Alcalde, Manuel Costa Carneiro, por viaxe do titular a Bos Aires (Arxentina)
771	04/11/2022	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria das actividades deportivas correspondente ao 1º cuadrimestre da tempada 2022/2023
772	04/11/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
773	04/11/2022	Concesión tarxeta de armas para carabina
774	07/11/2022	Concesión suspensión temporal asistencia á EIM do menor TLP
775	08/11/2022	Adxudicación instalación de Alumeado decorativo de Nadal a Montaxes Eléctricos Fernández, S.L (Expdte. 2022/C002/000019)
776	08/11/2022	Aprobación certificación núm. 4 da obra de <i>Substitución da cuberta e colocación de illamento mediante fachada ventilada na gardería municipal de Vedra</i> (IDAE) e factura correspondente da empresa adxudicataria Obras Gallaecia, S.L, por importe de 6.018,82 euros
777	08/11/2022	Aprobación certificación núm. 8 da obra de <i>Substitución da</i>



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



		<i>envolvente térmica do pavillón polideportivo de Vedra (IDAE) e factura correspondente da empresa adxudicataria Covisam Norte, S.L de 61.374,83 euros</i>
778	08/11/2022	Aprobación certificación núm. 1 da obra de <i>Mellora de camiños en Riveira, Silva de Abaixo e San Mamede (Plan de Mellora de camiños municipais de acceso á parcelas agrícolas)</i> e factura correspondente da empresa adxudicataria <i>Martínes Montes e Hijos, S.L</i> por importe de 12.925,34 euros
779	08/11/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
780	08/11/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
781	08/11/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
782	08/11/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
783	08/11/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
784	09/11/2022	Cambio de titularidade recibo taxa de lixo vivenda núm. 31 ático da Avda. M. M. Gómez Lorenzo
785	09/11/2022	Cambio de titularidade recibo taxa de lixo vivenda núm. 31 1º da Avda. M. M. Gómez Lorenzo
786	09/11/2022	Cambio de titularidade recibo taxa de lixo da vivenda núm. 10 de Eiravedra –Santa Cruz de Ribadulla
787	09/11/2022	Cambio de titularidade recibo taxa de sumidoiros da vivenda núm. 10 de Eiravedra –Santa Cruz de Ribadulla
788	09/11/2022	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídas na relación de facturas F.2022.36 por importe de 76.906,49 euros
789	10/11/2022	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de madrugadores (Programa Concilia) correspondente á mensuralidade de novembro de 2022
790	10/11/2022	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de cesión de uso de posto no Centro de Emprendemento A Estación correspondente ás mensuralidades de setembro a novembro de 2022
791	10/10/2022	Aprobación gastos imputables ao proxecto de Campo de Voluntariado <i>Unindo Roteiros</i>
792	10/11/2022	Adxudicación subministración de material para obras de saneamento na DP-8901, a F. Gómez y Cía, S.L (contratista adxudicatario das obras de beirarrúas pola Deputación) (Expdte. 2022/C002/000020)
793	10/11/2022	Aprobación convenio interadministrativo entre o Concello de Vedra e o de Boqueixón en materia de conciliación (Programa Conxuga. Curso 2022/2023)
794	10/11/2022	Concesión de axuda de emerxencia social a AKV
795	10/11/2022	Aprobación bases xerais que rexerán os procesos selectivos das prazas incluídas na oferta extraordinaria de emprego público do 2022 para a estabilización do emprego público (Lei 20/2021, do 28 de decembro)
796	10/11/2022	Concesión licenza para posesión de can de raza perigosa
797	10/11/2022	Concesión licenza para posesión de can de raza perigosa
798	11/11/2022	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de ludoteca (Programa Concilia) correspondente á mensuralidade de novembro de 2022
799	11/11/2022	Cambio de titularidade recibo taxa de lixo vivenda núm. 37 de Xián – San Andrés de Trobe
800	11/11/2022	Cambio de titularidade recibo taxa de lixo vivenda núm. 42 de



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



		Paradela – San Xíán de Sales
801	11/11/2022	Aprobación convenio interadministrativo entre o Concello de Vedra e o de Val do Dubra para a realización de tarefas de xestión económica
802	11/11/2022	Baixa SAF-libre concorrencia por alta na modalidade de dependencia de FJEF
803	11/11/2022	Reactivación praza na EIM do menor TLP suspendida temporalmente
804	08/11/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
805	14/11/2022	Inicio expediente de contratación de Asistencia técnica no apoio na xestión e implementación do proxecto eLabHause.rur (Exp. 2022/C002/000021)
806	14/11/2022	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de inglés correspondente á mensualidade de novembro de 2022
807	14/11/2022	Aprobación da modificación da factura do servizo de abastecemento de auga potable por erro na lectura do 3º trimestre
808	14/11/2022	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a primas de seguros incluídos na relación de facturas F.2022.37 por importe de 1.122,64 euros
809	14/11/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
810	14/11/2022	Aprobación conta xustificativa da subvención nominativa concedida ao Clube de montaña Vértice e orde de pagamento segundo convenio
811	15/11/2022	Aprobación e orde de pagamento do incremento adicional do 1,5% dos salarios dos empregados públicos para o ano 2022, con efectos retroactivos dende o 01 de xaneiro, e aboamento na nómina de novembro
812	16/11/2022	Concertación operación de crédito a curto prazo (póliza) coa Entidade A Banca Corporación Bancaria, S.A por importe de 200.000 euros e prazo dun ano
813	16/11/2022	Aprobación dereito do concello ao reintegro de pago indebido na nómina de setembro a traballadora de baixa
814	15/11/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
815	15/11/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
816	15/11/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
817	15/11/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
818	16/11/2022	Alta no SAF libre concorrencia de MRJPA
819	16/11/2022	Solicitude de prórroga de operación de crédito a curto prazo por importe de 400.000 euros e cun prazo de 1 ano coa Entidade A Banca Corporación Bancaria, S.A
820	16/11/2022	Adxudicación do contrato para a realización da <i>Exposición Gundián, achegamento a unha paisaxe natural e humana. Coplas Ulláns</i> (Programa Cultura na Nave) á A.C. Raiceiros (Expdte. 2022/C002/000022). Fondos NexGenerationEU
821	16/11/2022	Estimando alegacións e recurso de reposición interposto por dona N.S.A e aprobación de devolución de ingresos correspondentes á taxa polo servizo de ludoteca do mes de setembro
822	16/11/2022	Alta no SAF Libre concorrencia de JMFM
823	16/11/2022	Adxudicación do contrato privado de actuación á Coral Polifónica de Santa Cruz de Ribadulla o 19/11/2022 (Programa



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



		Cultura na Nave) (Expdte. 2022/C002/000024) Fondos NexGenerationEU
824	16/11/2022	Adxudicación do contrato privado de actuacións da Coral da Terceira Idade e Coral Leticia de San Xián o 19/11/2022 (Programa Cultura na Nave) á A.C. da Terceira Idade Os do Canto (Expdte. 2022/C002/000023). Fondos NexGenerationEU
825	16/11/2022	Adxudicación do contrato privado de actuación de Sheila Patricia o 19/11/2022 (Programa Cultura na Nave) (Expdte. 2022/C002/000025) Fondos NexGenerationEU
826	16/11/2022	Pago bonos alimentos a supermercados
827	17/11/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
828	17/11/2022	Cambio titularidade recibos taxas de lixo da vivenda núm. 9 de Galegos – San Pedro de Vilanova
829	17/11/2022	Cambio titularidade recibos taxas de sumidoiros da vivenda núm. 9 de Galegos – San Pedro de Vilanova
830	17/11/2022	Cambio titularidade recibos taxa de lixo da vivenda núm. 28 de San Gregorio – San Mamede de Ribadulla
831	17/11/2022	Adxudicación do contrato de Guiado de ruta polo patrimonio oculto de Vedra (Programa Cultura na Nave) a Galicia Eventos e Ocio, S.L (Expdte. 2022/C002/000026) Fondos NexGenerationEU
832	17/11/2022	Adxudicación do contrato de Organización de magosto do 19/11/2022 (Programa Cultura na Nave) a Adolfo Castro Fernández (Expdte. 2022/C002/000027) Fondos NexGenerationEU
833	17/11/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
834	17/11/2022	Concesión de axuda de emerxencia social a HUC
835	21/11/2022	Cambio de titularidade recibo taxa de lixo vivenda núm. 10 de Roelle –Santa Baia de Vedra
836	21/11/2022	Alta no padrón fiscal da taxa de sumidoiros da vivenda núm. 38 de Matelo – San Xián de Sales
837	21/11/2022	Alta no padrón fiscal da taxa de recollida de lixo da vivenda núm. 38 de Matelo – San Xián de Sales
838	21/11/2022	Aprobación plan de seguridade e saúde da obra de Ampliación da rede de abastecemento en Afós –Eiravedra (POS + Adicional 1/2019 (Expdte. 2022/C003/000003)
839	22/11/2022	Expediente limpeza de finca en San Mamede
840	23/11/2022	Recoñecemento antigüidade con data 03/01/2000 a Clara lema Rodríguez e abono atrasos correspondentes
841	24/11/2022	Adxudicación do contrato de Asistencia técnica de apoio na xestión e implementación do proxecto eLABhause.rur (Expdte. 2022/C002/000021)
842	23/11/2022	Expediente denuncia movemento de terras e cambio de actividade de parcelas de forestal a agrícola en San Miguel e San Mamede
843	24/11/2022	Cambio de titularidade de recibo da taxa de lixo da vivenda núm. 3 de Fornelos –Vedra
844	24/11/2022	Cambio de titularidade de recibo da taxa de lixo da vivenda núm. 15 de Sobredo – San Pedro de Vilanova
845	24/11/2022	Inicio expediente de contratación de Servizo de equipo de son e produción para festivais (Programa Cultura na Nave) (Expdte. 2022/C002/000028). Fondos NexGenerationEU
846	24/11/2022	Concesión de axuda de emerxencia social a AKV



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



847	24/11/2022	Aprobación xustificantes de gastos vinculados á subministración eléctrica incluídos na relación de facturas F.2022.38 por importe de 11.124,59 euros
848	24/11/2022	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a telefonía e internet incluídos na relación de facturas F.2022.39 por importe de 6.109,97 euros
849	25/11/2022	Inicio expediente de contratación de Estudo de radio e podcast (Programa Cultura na Nave) (Expdte. 2022/C002/000029). Fondos NexGenerationEU
850	25/11/2022	Aprobación e orde de pagamento de nóminas do mes de novembro
851	25/11/2022	Inicio expediente de contratación de Comunicación (Programa Cultura na Nave) (Expdte. 2022/C002/000030). Fondos NexGenerationEU
852	25/11/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
853	28/11/2022	Adxudicación do contrato privado de actuación do Grupo Porembela o 03/12/2022 á Asociación C. Raiceiros (Programa Cultura na Nave) (Expdte. 2022/C002/000032) Fondos NexGenerationEU
854	28/11/2022	Adxudicación do contrato privado de actuación da Requinta da Laxeira o 03/12/2022 á A.C. San Campio (Programa Cultura na Nave) (Expdte. 2022/C002/000033) Fondos NexGenerationEU
855	28/11/2022	Adxudicación do contrato privado de actuación do Grupo Os da Porfia o 03/12/2022 á A.C. Os da Porfia (Programa Cultura na Nave) (Expdte. 2022/C002/000034) Fondos NexGenerationEU
856	28/11/2022	Contratación persoal con cargo á subvención do Pacto de Estado contra da violencia do xénero para 2022
857	28/11/2022	Cambio titularidade recibo taxa de lixo da vivenda núm. 28-E de Galegos – Santa Cruz de Ribadulla
858	28/11/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
859	28/11/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
860	28/11/2022	Adxudicación contrato privado actuación do Mago Noel (Programa Cultura na Nave) á CPM Eventos e Ocio, S.L (Exp. 2022/C002/000035). Fondos NexGenerationEU
861	28/11/2022	Adxudicación contrato privado actuación do Grupo de Baile Tradicional Os Campiños (Programa Cultura na Nave) á A.C. San Campio (Expdte. 2022/C002/000036) Fondos NexGenerationEU
862	28/11/2022	Adxudicación contrato privado actuación de A Gaita de Sarandón (Programa Cultura na Nave) á A.C. A Gaita de Sarandón (Expdte. 2022/C002/000037). Fondos NexGenerationEU
863	28/11/2022	Inicio expediente de contratación de Laboratorio de ideas (Programa Cultura na Nave) (Expdte. 2022/C002/000031). Fondos NexGenerationEU
864	29/11/2022	Expediente de modificación de créditos 18/22 (xeración)
865	29/11/2022	Expediente de modificación de créditos 19/22 (xeración)
866	29/11/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
867	29/11/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
868	29/11/2022	Incoación expediente para a reposición da legalidade por obras de peche en Torre – San Xián de Sales



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



869	29/11/2022	Incoación expediente para a reposición de legalidade por obras de peche en Torre de Abaixo – Santa Cruz de Ribadulla
870	29/11/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
871	29/11/2022	Concesión suspensión temporal asistencia á EIM do menor LMI
872	30/11/2022	Alta no padrón fiscal da taxa de recollida de lixo da vivenda núm. 32 de Viño grande – San Andrés de Illobre
873	30/11/2022	Alta no padrón fiscal da taxa de recollida de lixo da vivenda núm. 31 de Xián – San Andrés de Trobe
874	30/11/2022	Anulación recibo taxa lixo exercicio 2022 do local sito en Viño grande núm. 43 – San Andrés de Illobre
875	30/11/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
876	30/11/2022	Altas no padrón municipal de habitantes
877	30/11/2022	Redución intensidade SAF libre concorrencia a MCCN

A Xunta de Goberno dáse por informada.

6º.- Outros asuntos.

Non se presentan.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas.